

Todas as historias son a historia

Esta semana falamos de 'Laura no deserto', un libro de Antón Riveiro Coello editado por Galaxia.

Por Xosé M. Eyré | Vigo | 14/02/2012

Título: **Laura no deserto**

Autor: **Antón Riveiro Coello**

Editorial: **Galaxia**

Morto Fraga Iribarne, aquel infausto e afervorado admirador das ditaduras e colaborador de primeira man na franquista, o voluntario esquezo por parte da prensa do seu pasado escuro de sangue inocente e a teima en dedicarlle rúas por todos lados, confirman unha parte da sociedade como seguidora da tese dereitista (ou ultradereitista) de que a historia, cando non é como convén, hai que tapala, pois esta parte da sociedade non é quen de admitir os propios horrores, de xeito que os tapan disfrazándoos de calquera outra cousa ou inclusive todo o contrario. Que esta táctica, este remedio, resulta peor que a enfermidade lémbrao novelas como esta de Riveiro Coello que hoxe comentamos, pois tapando unha traxedia para que non nos chegue o seu fedor, o único que se consegue é multiplicala e mutiplicalo cando os tempo sexa chegado de alguén destapar, de que alguén descubra o agochado. E entón serán dous os horrores: o da traxedia inicial, e o da descuberta, ao que hai que engadir o propio de prefuntarnos como é posíbel que tanta inxustiza non fora condenada no seu tempo, ou aínda mellor: evitada, pois quen de nós non sabe que é xusto e que non é xusto? Ninguén que lea Laura no deserto terá dúbidas a cerca do valor social da literatura, sobre todo da literatura valente, esa que non ten medo, a que non se conforma con ser simple pasatempo. Ninguén...que non sexa seguidor desa teima en tapar, ninguén que non sexa secuaz.

De primeiras, o arriscado proxecto narrativo de Antón Riveiro Coello en Laura no deserto presenta un referente inmediato e claro n´A lúa dos Everglades de Xesús Manuel Marcos. Se ben esta segunda se refire ao mundo da emigración e non ao da guerra, ambas e dúas novelas ensinan como varias historias aparentemente inconexas resultan ser a mesma historia, como todas as historias son a Historia ou, dito doutro xeito, todas as historias, pequenas e particulares, son a Historia. Aparentemente inconexas, a desa muller que sae de estado comatoso en ás dunha canción (lémbrese o caso de Sofía Romo, caso real, alá polo 2004), a dun intelectual a piques de morrer que lle espeta ao fillo “para túa nai naciches morto, a dunha muller que accede ao coñecemento de cousas ocultas na biografía dunha tía súa, a da solidariedade vital dous soldados da Segunda Guerra Mudial. Aparentemente inconexas, en New York, en Compostela, en Barcelona, outra volta en Nova York. E non serán as únicas xeografías percoridas, pois localidades de Francia, un campo de concentración nazi, ou a Pobra do Caramiñal, tamén son xeografías dunha novela na que se integran clases sociais desde a burguesía ao mundo militar, o intelectual, o artístico, a emigración ou o comunmente denominado proletariado. Este aspecto integrador é dos primeiros que salientan nun proxecto novelístico que se distingue precisamente por demostrar que ningunha historia é allea ás demais.

En si, tal reto só pode enfrontalo un narrador hábil e experimentado que non queira a forrar esforzos e rematar en pouco tempo. E, no caso que nos ocupa, que bota man da primeira persoa como estratexia narrativa (non única), requírese tamén unha fortaleza mental salientábel xa que para vivir os horrores dun campo de concentración, os horrores do cárcere, os da amnesia ou descoñecemento do pasado que nos fixo, aínda que só sexa desde a palabra que fai posíbel a lembranza e ficción, cómpre estar mentalmente moi preparados. Mais, alén diso, a dificultade increméntase cando se relata a historia desde o coñecemento de que son a mesma historia e, en consecuencia, non se habilitan estratexias diferenciadoras entre elas. Esta opción, que é opción e non obrigación, condiciona fortemente a lectura pois provoca que o lector deba estar moi atento para saber cal delas se lle está contando, e téñase en conta que xe polo que conta a novela xa non é nada compracente.

É de xustiza tamén mentar que as personaxes, malia a fragmentación, non se ven prexudicadas na súa construción. E non só, senón tamén o feito de que estas vaian medrando segundo avanza a novela; a mesma novela que relata como a intolerancia pode volver a vida dunha persoa nun auténtico inferno ou deserto, téñase en conta e de que aí o reto de construír personaxes que medren mentres a árbore súa vida é fendida pola machada en múltiples achas (Laura, María, Ingrid, Penélope, Madame Bovary) constitúa auténtico tour de force. E se a isto engadimos o feito de contarnos algo que dalgunha maneira o lector intúe que vai rematar nunha historia única (aínda que non coñeza a novela de Xesús Manuel Marcos, e cando así sexa...non saben o que perden!) e aínda así lograr que captar e capturar a atención do lector, entón imos tendo unha idea aproximada da verdadeira dificultade e logro da novela.

Sendo, como é, novela coral, fican moitas máis personaxes por nomear ademais da protagonista que dá título á novela. E velaí, Diana, velaí Pablo, Bernie, Bob, Ady, Zveta, o Comandante nazi, a Titana...acompañando e poboando o duro e realista e denso mundo ficcional da última de Riveiro Coello, e dando fé dos extremos a que conduce, a pouco que se lle dea corda, a intolerancia. A intolerancia, ese veneno que non fica en destruír unha vida senón que ao facelo está condicionando outras moitas. Se cadra tamén a túa lector, que como tal lector igual te sentes a salvo. Se isto sucedra, será entón momento de volver á obra de Riveiro Coello, neste caso a Os Ollos de K, aínda que so sexa para comprobar como a ficción pode volverse realidade. Por se había algunha dúbida. Claro que hai que ter corazón ben pétreo para non se sentir conmovido, como para non facerse preguntas a cerca de cómo é posíbel que poidan suceder cousas así. Instante de lembrar que todas as historias somos a Historia.